

**CORRECCIÓN DE ERROS DAS BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA E O PROCEDIMENTO PARA A COBERTURA INTERINA DUN POSTO DE TITULADO EN ARQUITECTURA E DA CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO MUNICIPAL PARA AS COBERTURAS TEMPORAIS DO CITADO POSTO.**

Visto o texto da Resolución da alcaldía do Concello de Tomiño de 4 de febreiro (Decreto 2019-0131), relativo á aprobación das bases nomeadas no título desta resolución. Texto publicado na páxina web do Concello o 5 de febreiro de 2019.

E detectado un erro material no texto da mesma, pois na páxina 3, apartado 6.- Publicidade da convocatoria e das bases, figura no primeiro parágrafo “Procederáse á publicación do anuncio da Convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra” e no seguinte punto di 7.2.- “O prazo de presentación de instancias será cinco (5) días hábiles a contar dende o día seguinte a aquel en que se produza a publicación do anuncio desta convocatoria na páxina web do Concello

O que da lugar a unha contradición entre ambos textos, e dado que o que motiva a cobertura deste posto é unha incapacidade laboral temporal imprevista, que fai precisa a urxencia na súa cobertura, polos retrasos que está a crear no Departamento de Urbanismo e que no caso de publicarse o anuncio no Boletín da Provincia retrasaría este procedemento selectivo máis días.

Por este motivos, RESOLVO:

Ditar a corrección erros das nomeadas bases, dado que aínda non se iniciou o prazo de presentación de solicitudes e que esta discordancia considerase como tal, ao amparo do disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, como un mero ERRO MATERIAL dado que se aprecia o citado erro tendo en conta exclusivamente os datos do propio documento administrativo no que se advirte, tratándose dun erro claro e patente, e sen que se produza unha alteración fundamental do sentido do acto podendo en consecuencia este Concello en calquera momento e de oficio proceder á súa rectificación material, procedendo á vista de todo o anterior a clarificar o texto da citada resolución da seguinte maneira:

Na páxina 3, no apartado 6, primeiro parágrafo onde di: parágrafo “Procederáse á publicación do anuncio da Convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra”.

Debe dicir:

“Procederáse á publicación do anuncio da Convocatoria na páxina web municipal: [tomino.gal](http://tomino.gal)”

A alcaldesa, Sandra González Álvarez

Asinado en Tomiño por sinatura Dixital Certificada na data que figura na marxe do presente documento.